



Concello de Sarria

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SARRIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CATEGORÍA PROFESIONAL DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE SARRIA.

ACORDO DE REANUDACIÓN DO PROCESO SELECTIVO E CONVOCATORIA DE EXAME.

Dase conta do acordo adoitado polo tribunal cualificador do proceso selectivo de referencia o día 28/05/2020, do seguinte tenor literal:

“O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, determinou a imposición de importantes restricións á circulación e concentración de persoas.

Por este motivo, en data 16 de marzo de 2020, este tribunal cualificador acordou a suspensión do proceso selectivo establecido polo Concello de Sarria para a creación dunha bolsa de emprego para a categoría profesional de operario de servizos múltiples, en réxime de persoal laboral temporal, todo elo segundo o disposto nas bases redactadas no seu día, que foron aprobadas por decreto do Sr. alcalde-presidente do Concello de Sarria nº 2020-0042, de data 23/01/2020.

O tempo transcorrido desde a primeira declaración do estado de alarma, o pasado 14 de marzo; a propia evolución da emerxencia sanitaria cunha importante redución no número de contaxios e persoas hospitalizadas nas últimas semanas; así como as últimas medidas adoptadas polo Goberno central, entre elas unha desescalada progresiva por actividades e territorios, tal e como dispoñen as Ordes do Ministerio de Sanidade SND/399/2020 e SND/414/2020, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma, fan factible reconsiderar neste momento a suspensión do proceso selectivo acordada o pasado día 16/03/2020, e todo elo por autorizarse xa en Fase 2 da desescalada, entre outras actividades, a celebración de congresos, encontros, reunións de negocio e conferencias promovidos por calquera entidade de natureza pública ou privada, sempre e cando non se superen os 50 asistentes, e sempre que se respecte a distancia física esixida de dous metros.

Por todo o exposto, tendo en conta que é urxente proceder á constitución da bolsa de traballo á que se refire esta convocatoria para o obxecto de poder cubrir con axilidade as vacacións do persoal municipal durante o período estival que se presenta, así como as baixas e/ou os permisos e licencias que se puideran producir, este tribunal cualificador, por unanimidade dos seus membros, adoita os seguintes acordos:

1.- Reanudar o proceso selectivo correspondente á creación dunha bolsa de emprego para a categoría profesional de operario de servizos múltiples do Concello de Sarria.

2.- Acordar, para a realización da proba práctica, o establecemento das medidas de hixiene e prevención sinaladas na Orde do Ministerio de Sanidade SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

3.- Convocar a tódolos aspirantes para a realización do segundo exercicio da fase de oposición (proba práctica), acto que terá **lugar o próximo día 16 de xuño de**

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: NLFDMFR4MKP36A4SMT4WVDFQE | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Sarria

2020, na nave principal do Mercado Gandeiro Municipal de Sarria, sita no Campo da Feira, s/n.

4.- Realizar as citacións segundo o seguinte calendario:

Ás 08:00 horas:	LETRAS: A-F: Convócase a exame aos candidatos (22) cuido primeiro apelido está comprendido entre a letra A e a letra F, ámbalas dúas inclusive.
Ás 10:00 horas:	LETRAS: G-P: Convócase a exame aos candidatos (25) cuido primeiro apelido está comprendido entre a letra G e a letra P, ámbalas dúas inclusive.
Ás 12:00 horas:	LETRAS: Q-Z: Convócase a exame aos candidatos (23) cuido primeiro apelido está comprendido entre a letra Q e a letra Z, ámbalas dúas inclusive.

De conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, este segundo exercicio consistirá na realización dunha proba práctica que comprenderá o coñecemento e manexo de útiles, ferramentas e/ou maquinarias que se utilizan habitualmente na categoría profesional obxecto deste procedemento.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento equivalente.

5.- Medidas hixiénico sanitarias de carácter básico:

- Para a realización da proba práctica será obrigatorio o uso de máscara e guantes, así como a desinfección previa das mans con xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida autorizados. O Concello de Sarria proverá dos materiais necesarios para o cumprimento desta medida sanitaria.
- Os convocados acudirán exclusivamente na data e nos horarios previstos no punto 4, e terán que abandonar a zona de exame unha vez rematada a proba práctica.
- En cumprimento do mandado pola Orde SND/422/2020, do 19 de maio, sinálase que o uso de máscaras é obrigatorio na vía pública, en espazos ao aire libre e en calquera espazo pechado de uso público ou que se encontre aberto ao público, sempre que non sexa posible manter unha distancia de seguridade interpersonal de polo menos dous metros.

O que se fai público en Sarria, no día da data.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: NLFDMFR4MKP36A4SMT4WYDFQE | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2